Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 23 de maio de 2024
(Mixta: 4POC + 3PNC)

[MVAG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **23 de maio de 2024, ás 16:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Elena Candia López (P)
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz (P)
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Enrique Barreiro Sánchez
(en substitución de Cristina Campero Dorado)
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Rubén Lorenzo Gómez
Noelia Pérez López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.1 497 (12/POC-000017)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 8 máis
Sobre a valoración da posta en marcha do Plan estratéxico da horta de Galicia 2023-2030
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

A señora presidenta, previamente, dálle a benvida ao representante do Goberno e lembra os tempos de intervención para o desenvolvemento do debate das preguntas: unha primeira rolda por un tempo de 10 minutos, tanto para o preguntante coma para o representante do Goberno; unha rolda de réplica, por un tempo de 5 minutos para o preguntante e peche do Goberno, por un tempo de 5 minutos.

Seguidamente, concédelle a palabra ao señor Casares Gándara (P), quen expón as razóns nas que se basea a cuestión concreta que figura na iniciativa sobre a posta en marcha do Plan estratéxico da horta de Galicia 2023-2030.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia, o señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería de Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte.

Na rolda de réplica o señor Casares Gándara (P), agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto, á vez que o felicita polas actuacións levadas a cabo no sector hortícola de Galicia.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería de Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte, quen contesta ás cuestións formuladas.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 658 (12/POC-000050)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 7 máis
Sobre a valoración da posta en marcha e da actividade levada a cabo polo servizo de matadoiro móbil impulsado pola Consellería do Medio Rural

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Barreiro Sánchez (P), quen expón os motivos nos que se basea a cuestión concreta que figura na iniciativa sobre a valoración da posta en marcha do matadoiro móbil de Galicia.

Para a súa resposta intervén novamente por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería de Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte.

Na rolda de réplica o señor Barreiro Sánchez (P) agradece a información recibida e expón novas consideracións en base a ela, ás que lle contesta nunha nova intervención o señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería de Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A continuación, pásase ao debate da terceira iniciativa:

1.3 998 (12/POC-000143)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e Fernández González, Ariadna
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao uso de probas máis precisas nas campañas de saneamento gandeiro e o desenvolvemento dun plan para controlar o tránsito de animais procedentes de fóra de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Vidal Lamas (BNG), que expón os motivos nos que se basean a cuestións concretas que figura na iniciativa sobre as campañas de saneamento gandeiro en Galicia.

Para a súa resposta intervén de novo por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería de Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte.

Na rolda de réplica a señora Vidal Lamas (BNG) expón diferentes consideracións a respecto da información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas cuestións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería de Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte, quen completa á súa información anterior e contesta ás consideracións formuladas, á vez que non concorda con algunhas das manifestacións expostas pola señora preguntante.

PARLAMENTO DE GALICIA

Deseguido, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

1.4 2929 (12/POC-000456)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as liñas que definen a estratexia que prevé poñer en marcha a Xunta de Galicia no que atinxe á loita contra a avespa asiática
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f2, do 08.05.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Méndez López (S), quen, logo de darlle a benvida ao señor Balseiros Guinarte (director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentaria), salienta a falta nesta sesión da Comisión da señora directora xeral de Administración Local, que considera quen debería dar resposta á súa iniciativa, procede á formulación da súa iniciativa con ampliacións das argumentacións que se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería de Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte, quen dá puntual resposta ás cuestións formuladas.

Na rolda de réplica a señora Ménde López (S) amósase insatisfeita coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do señor director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Consellería de Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte, quen contesta ás consideracións formuladas, á vez que puntualiza á súa intervención anterior.

A señora presidenta agradécelle ao señor Balseiros Guinarte á súa presenza e colaboración cos traballos da comisión e desculpa á súa ausencia na sesión, dado que non ten máis preguntas que responder.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 1079 (12/PNC-000105)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego ante os prexuízos económicos dos sectores agrarios da Limia orixinados polo exceso de chuvias nas últimas semanas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

–Os tempos de intervención acordados pola Mesa do Parlamento para o debate das proposicións non de lei, son os seguintes: 8 minutos para o grupo propoñente, 8 minutos para os voceiros dos diferentes grupos parlamentarios e 3 minutos para peche do debate–

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre as accións que debe levar a cabo ante os prexuízos económicos dos sectores agrarios da Limia (Ourense).

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda dos grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Vidal Lamas (BNG) e a señora Pérez López (P); ambos intervenientes, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto, anuncian o voto favorable o voceiro do G.P. Mixto e a voceira do G.P. Bloque Nacionalista Galego, mentres que a voceira do G.P. Popular de Galicia, amosa os motivos do seu rexeitamento.

Na rolda de puntualizacións a señora Rodríguez Dacosta (S), discrepa do posicionamento manifestado pola voceira do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta, á vez que agradece o apoio dos demais grupos da oposición.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 2967 (12/PNC-000376)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 6 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que manteña unha postura contraria ao proxecto de Altri en Palas de Rei
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

A señora presidenta, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de modificación polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 4610), concédelle a palabra ao señor Fernández Fernández (BNG). A súa intervención ten o seguinte contido literal:

"O señor Fernández Fernández (BNG): Boa tarde, señora presidenta.

Señores deputados e señoras deputadas.

A proposta que traemos dende o Bloque Nacionalista Galego é textualmente a seguinte: «O Parlamento Galego insta o Goberno galego para que se posicione en contra do proxecto de Altri, en Palas de Rei». ¿Por que dende o Bloque Nacionalista Galego facemos esta proposta a esta Comisión? Pois moi sinxelo, pola grande afección que este proxecto traerá ás terras agrarias, aos montes e a gandería. Tamén traémola pola

fonda preocupación coa posibilidade de instalación desta macro celulosa xere nas mulleres e homes que traballan no sector agrario, unha preocupación que nos transmiten a diario aos representantes do BNG. ¿A que nos estamos a referir con estre macro proxecto? Comezamos cunha breve cronoloxía para entender ben a que nos referimos:

Ano 2020, a Xunta de Galiza anuncia un proxecto tractor consistente na produción de fibras de celulosa para uso na industria téxtil.

Ano 2021, dá a coñecer unha alianza con Altri para desenvolver a factoría cunha produción de 200.000 toneladas de fibras téxtiles que xeraría miles de postos de traballo.

Abril de 2022, anuncia a escolla da situación do proxecto industrial en Palas de Rei, supostamente despois de estudar 40 posibles desprazamentos e descartar, entre outros, A Mariña e As Pontes.

Decembro de 2022, a Xunta aproba a declaración de proxecto industrial estratéxico, e de novo oculta a información sobre as dimensións e as características do proxecto.

Finais de 2023, solicítase a captación de auga no Ulla.

Primeiro trimestre de 2024, tramítase a solicitude de autorización ambiental integrada, declaración de impacto ambiental e a declaración de interese público. O período de alegacións Rematou o 16 de abril.

É neste punto cando se coñece a fraude: o que se vendeu como un proxecto circular de produción de 200.000 toneladas de fibras téxtiles —o famoso o lyocell— é realmente unha mega planta de produción de celulosa. A Xunta de Galicia coñecía desde o primeiro momento o proxecto e estivo ocultándoo adrede. En resumo, Altri pretende producir nesta mega factoría de Palas 400.000 toneladas de pasta de celulosa.

Estamos, polo tanto, ante un exemplo de libro de industria de enclave, de espolio colonial dos recursos naturais do noso país. Un modelo baseado en catro premisas: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación un escaso valor engadido, e destino principal para la exportación sen peche de ciclos. Agora vén o negativo, veñen os impactos. Entre os impactos directos podemos sinalar a contaminación das augas e da EDAR; o impacto no ámbito paisaxístico, patrimonio natural e biodiversidade e recursos hídricos; no sector agroforestal; impacto territorial e socioeconómico.

Se o desglosamos un pouco e empezando polo impacto territorial, vemos que a superficie ocupada por este macrocomplexo é enorme, do entorno a unhas 360 hectáreas. A zona na que se pretende instalar é de uso agrario con actividades do sector servizos, terreos que non teñen características nin cualificación como solo industrial. O complexo industrial está formado por grandes unidades, ao que se lle

unen unhas zonas de almacenamento e xestión de madeira, unidades de produción enerxética, unha cheminea de 75 metros de altura, balsa de recollidas de augas pluviais, instalacións de abastecemento e depuración de auga. A todo o anterior engadímoslle o impacto dos accesos, das instalacións de abastecemento de auga e vertido de augas residuais e as liñas de abastecemento de enerxía eléctrica.

Seguindo cos impactos, temos os dos recursos hídricos. A empresa solicitou a captación de 46 millóns de litros de auga/día do río Ulla, no encoro de Portodemouros; e o vertido de 30 millóns de litros/día de auga contaminante resultante do proceso industrial. Esta xigantesca necesidade de consumo de auga pon en risco a dispoñibilidade de auga do río Ulla para abastecemento humano pero tamén para outras necesidades económicas, aínda tendo en conta que hai un escenario de cambio climático e de secas cíclicas.

E xa despois deste preámbulo, xa se falamos do que serían os aspectos relacionados co tema agrogandeiro, tamén a fábrica de Altri xeraría unha demanda de 1,2 millóns de toneladas de eucalipto por ano na primeira fase, e de 2 millóns cando estea a pleno rendemento. E isto implica ou implicará un incremento da eucaliptización do país e fundamentalmente desa comarca, da comarca da Ulloa.

Se atendemos ao sector agrogandeiro, temos que indicar que o sector primario é fundamental para o mantemento económico e social das parroquias deste territorio situado no corazón de Galicia, e un dos principais motores económicos da zona.

Nas comarcas directamente afectadas temos unhas 3.000 explotacións con máis de 70.000 vacas, e para elas dispoñemos de 61.000 hectáreas de leiras e prados. Isto implica xa a día de hoxe que temos un déficit de superficie agraria. Imaxinemos que se segue eucaliptizando, imaxinemos ese proceso eucaliptizador. Cando se fala de emprego a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, nunca di nada dos empregos directos do sector agrogandeiro. Este sector ocupa nesta zona 4.000 persoas, mulleres e homes que queren seguir vivindo no rural e do rural, familias que queren vivir neste contorna natural. Tampouco fala dos miles e miles de postos indirectos xerados ao carón do gando: empresas de servizos, comercio, industrialización dos produtos, agroturismo, industria vinculada ao sector, construción é un longo etcétera. Esta comarca é onde está situada a denominación de orixe de Queixo Arzúa Ulloa, unha denominación da que estamos e debemos estar orgullosos e a que temos que apoiar e coidar. Unha denominación que permite valorizar unha parte importante do leite, esa parte importante que producen as centos de explotacións lácteas que hai nesa comarca. A Ulloa é, polo tanto, unha comarca eminentemente gandeira, é un verdadeiro exemplo da economía circular. O risco ou que trae, polo tanto, a instalación desta macro planta de produción celulosa é moi grande e moi grave para esta comarca. Polo tanto, primeiramente ese risco virá dado por ese incremento da demanda de eucalipto que traerá consigo a demanda de terras para a plantación desta especie invasora. Esta demanda por suposto implicará una menor dispoñibilidade de terras para uso agrario. Tamén isto traerá consigo unha perda de prestixio da denominación de orixe, unha desvalorización das granxas e unha contaminación atmosférica das

augas. E ¿resultado? O seu conxunto vai favorecer a emigración e empobrecemento da poboación.

Xa conclúo.

O Goberno galego do Partido Popular ten que pensar nos miles de familias que traballan e viven...

A señora presdienta (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor Fernández Fernández (BNG): ...do sector agrogandeiro, ten que pensar nas miles e miles de mulleres e homes que viven nas parroquias destas comarcas e que loitan para manter un medio rural vivo.

En resumo, señoras deputadas señores deputados, se pensamos no noso rural, se pensamos na Ulloa, se pensamos en Galiza temos que dicir...

A señora presidenta (Candia López): Rematou o seu tempo.

O señor Fernández Fernández (BNG):..alto e claro: ¡Altri, non!

Moitas grazas."

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Méndez López (S), quen, tras expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, defende a emenda de modificación presentada polo seu grupo.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes interveñen os señores: Ojea Bouzo (M) e Lorenzo Gómez (P); O señor Ojea Bouzo deixa constancia das súas argumentacións ao respecto e pronúnciase favorablemente. O voceiro do G.P. Popular de Galicia efectúa a seguinte intervención, que ten o seguinte contido literal:

"O señor Lorenzo Gómez (P): Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

O BNG preséntamos unha iniciativa a esta Comisión 7ª que trata do medio rural coa que podemos estar de acordo na única parte na que di que é a Ulloa unha comarca eminentemente gandeira, que desenvolve unha importante valorización do sector primario cun importante complexo de transformación e que é un verdadeiro exemplo de economía circular. E tamén onde pon en valor a denominación de orixe do queixo Arzúa Ulloa.

Todo o demais lamentablemente na súa liña. Pero centrándonos na parte propositiva —e vouna ler para que conste en acta—, o que di é que insta ao o Parlamento galego,

insta ao Goberno galego a que se posicione en contra do proxecto de Altri en Palas de Rei.

Señores do BNG, o Grupo Parlamentario Popular non vai instar ao Goberno galego a prevaricar, que é o que están a pedir literalmente, é o que están a pedir na súa iniciativa.

E aquí podería dicir: o voto do Grupo Parlamentario Popular é en contra e rematar a miña intervención. Pero aínda me queda un tempo moi valioso para desmontar moitos e non todos, porque non me daría tempo, dos bulos vertidos polo BNG nas redes, nos medios afíns, nas xuntanzas veciñais, nos debates parlamentarios e en moitos debates en plenos municipais. E todo sen poñerse nin un pouquiño colorados nin un pouquiño ¡eh! Nótase que no campo da demagoxia teñen moitas táboas vostedes, moitas.

Estamos ante unha estratexia clara. Rematado o mandato da súa presidenta nos carteis, eses 15 días de campaña, unha vez que os galegos os colocaron unha vez máis na oposición, tocaba elixir o hit da lexislatura. Máis alá dos clásicos de enlamar coa sanidade, coa educación, co abandono no rural, co negacionismo ante o cambio climático, co non á eólica, agora tocaba elixir o hit da lexislatura. Aínda é pronto para saber cal será a canción do verán deste 2024, pero xa temos claro que Altri vai ser o temazo que vaia soar durante catro anos na emisora do BNG.

Só pretendo dar un punto de humor a esta comisión de tarde tan longa e podería soar algo divertido que acabo de dicir, pero nada máis lonxe da realidade, señorías. Porque o que non podemos aceptar é que se lle falte ao respecto aos galegos e ás galegas deste xeito. E cun único obxectivo: o seu obxectivo é de sacar rédito político ante esta situación para desgastar ao Goberno galego.

E ante esta estratexia de manipulación que estamos vivindo nos últimos meses respecto ao proxecto de Altri, non podemos facer outra cousa que desmentir con datos e con información toda esa batería de desinformación, de medias verdades, de mentiras, de fake news, de fotos falsas unha vez máis. E como lles digo vouno intentar, porque son moitos os bulos e pouco o tempo que teño ¿non? E sobre este proxecto, o proxecto de Altri, teñen vertido moitas mentiras, ben directamente ou ben mediante as súas plataformas afíns, que o único que perseguen é confundir aos cidadáns e intentar que Galicia non sexa un lugar atractivo para investir nel. Porque vostedes seguen na súa máxima de canto peor lle vaia a Galicia mellor para vostedes, ¿non si?

Xa non quero falar do medio de comunicación, do que moitos de vostedes son propietarios, que xa traspasa toda liña ética e que podemos ler hoxe no seu diario de cabeceira.

Pero tampouco me quero esquecer do PSdeG. Esta mañá nunha iniciativa sobre o proxecto de Altri do noso grupo, unha vez máis o PSdeG ponse de perfil. Eu dígolles, señores do PSdeG, posiciónense dunha vez. Posiciónense porque corren o risco de quedar en terra de ninguén e iso vistos os resultados acadados en febreiro leva mal

camiño. ¿Están co presidente Sánchez que respaldou ante o presidente Rueda o proxecto ou están cos seus socios do BNG en deputacións e concellos co seu posicionamento do non? Alomenos eles din claramente non. Iso si, tratan de enganar á cidadanía.

¿Canto tempo de reflexión precisan vostedes? Porque no mes de febreiro apoiouse unanimemente nesta Cámara esta iniciativa empresarial e agora se opoñen a ela. E voulles dicir máis: O PSdeG o 24 de marzo do ano 2023 presentou unha iniciativa solicitando o apoio do Goberno galego a esta iniciativa. E agora din que non sabían nada de que se produciría celulosa. Xa me dirán vostedes como se produce lyocell, que era para o que vostedes pedían o apoio, sen a celulosa.

Era un apoio unánime de todos os grupos da Cámara representados. E vostedes, señorías do BNG, tamén apoiaron este proxecto. Pero, de repente, cambian radicalmente de posicionamento. ¿Que foi o que pasou? Dígollo eu. Houbo unhas eleccións nas que vostedes pensaban que lle darían as contas, xa non falo de gañalas, falo de que lle darían as contas. É lícito, pero as contas non deron e tocaba volver ser o partido do non. O partido que vai en contra de calquera iniciativa que poida xerar oportunidades e benestar aos galegos. E eu dígolles: Sigan así, sigan así.

Vou intentar desmontar algúns bulos. Un dos máis abanderados por vostedes din que cando apoiaron ese proxecto nesa iniciativa, á que acabo de facer alusión, descoñecían que se produciría tamén celulosa. E iso é falso, un bulo máis do BNG.

Economía dixital, 18 de outubro de 2021. «Altri, la pastera que si le gusta al BNG». Recollía declaracións do que era o seu alcalde nacionalista en Ribadeo, que cualificaba o proxecto como unha iniciativa intelixente cuxo fío condutor é facer o circuíto completo e dar valor á gran masa forestal que teñen naquel caso referíase á Mariña.

Economía dixital, 16 de febreiro do 2022. «Altri planea construir dos fábricas en Galicia, una de pasta y otra de fibra textil». E detallaba o número de toneladas de cada unha das liñas. Vostedes non sabía nada.

Ou un último exemplo, Diario de Pontevedra. O señor Bará seguramente o lee. 22 de febreiro do ano 2022. Doble apuesta de Altri. Aí recollíase expresamente que a intención do grupo era dobre: Producir pasta de madeira soluble que é a materia prima para diversas fibras téxtiles entre outras lyocell, que é a que se vai producir en Altri, pero vostedes non sabían nada.

Máis de dous anos, leva máis de dous anos nos medios de comunicación este tema e vostedes teñen a desfachatez de xustificar o seu actual cambio de criterio ao proxecto porque din que o descoñecían. ¿É que vostedes non len a prensa? ¿Ou so len a que lle interesa a vostedes?

Podemos falar das respostas escritas por parte do Goberno galego o 28 de agosto do ano do 2023 ou a resposta oral que o Goberno galego lle dou nesta mesma comisión...

A señora presidenta (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

O señor Lorenzo Gómez (P): ...o 16 de novembro do ano 2023.

Como dicía non me dá tempo a desmontar todos os bulos sobre o impacto dos recursos hidráulicos de Galicia, sobre a suposta eucaliptización de Galicia. Só lle quero apuntar unha cousa: De todas as cortas 10 millóns de metros cúbicos que se fan en Galicia, 6 millóns corresponden a eucaliptos.

A señora presidenta (Candia López): Moitas grazas.

O señor Lorenzo Gómez (P): —Xa remato, presidenta—.

Destas cortas 2 millóns e transforman en Galicia, un total de 4 saen fóra sen transformar.

A señora presidenta (Candia López): É que rematou o seu tempo, señor Lorenzo. É moi importante adaptarnos aos tempos, case todos se pasaron e temos que ir facendo un esforzo en adaptarnos á nova realidade.

O señor Lorenzo Gómez (P): Ben, só quero rematar dicindo...

A señora presidenta (Candia López): Moitas grazas.

O señor Lorenzo Gómez (P):...que nós non imos votar a favor de que o Goberno galego prevarique.

A señora presidenta (Candia López): Moitas grazas".

Para rematar, intervén o señor Fernández Fernández (BNG). A súa intervención ten o seguinte contido literal:

"Ten o seu turno de peche por 3 minutos.

O señor Fernández Fernández (BNG): Presidenta, señorías, o que dixen na miña primeira intervención non o digo só eu, (Murmurios.) tamén se manifestaron en contra de Altri por diferentes medios e en diferentes ocasións numerosas organizacións. Se falamos de colectivos que teñan que ver co sector agrogandeiro —que é do que estamos falando— dixeron claramente «non a Altri» a Federación Rural Galega, o Sindicato Labrego Galego, Unións Agrarias, a Federación de Mulleres Rurais Fademur, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Queixo Arzúa-Ulloa, o Consello Regulador da Denominación

PARLAMENTO DE GALICIA

de Orixe Queixo Tetilla, Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, a Asociación de Produtores e Produtoras Ecolóxicos de Galiza, a maioría dos socios da Asociación Forestal de Galicia na enquisa que fixo a dita asociación. E tamén miles e miles de persoas que se manifestarán publicamente o próximo domingo ás 12 en Palas de Rei.

Señores e señoras do Partido Popular, ¿oen clamor social en contra de Altri? ¿Entenden aos milleiros de persoas que din non a Altri? Non entenden ou non queren entender o que significaría celulosa Altri. Mellor dito, si que o entenden, entenden o que lles interesa, entenden os grandes pelotazos para vostedes e os seus amigos.

¿Cantos empregos creará Altri? Vóullelo dicir, segundo a documentación da que tanto se fala e que ocultaron moito tempo, serían 500 empregos cando estea a pleno rendemento. Vostedes antonte pediron no Congreso dos Deputados 250 millóns de euros para esta industria. Se botamos as contas sae cada posto de traballo a 500.000 euros, por se non o entenden, dígoo doutra forma: medio millón de euros cada posto de traballo. Isto si que lle chamo eu atraco aos cartos públicos, isto si que é un verdadeiro atraco ás contas públicas. Chámolle aproveitarse do diñeiro de todos os contribuíntes para darllos aos seus amigos. ¡Que triste que o diñeiro para desenvolver unha zona, para crear riqueza, que acaben nas mans dos que queren destruíla!

Señores do Partido Popular, ¿saben canto recibe de axuda unha persoa que se quere incorporar ou crear unha explotación agraria? ¿Sábeno? 30.000 euros. E vostedes pretenden entregarlle a Altri 500.000, 16 veces máis por cada emprego. A vostedes estas persoas que están no medio rural estórballes para as súas cuestións. Vostedes son esquilmadores dos recursos públicos e do noso territorio.

Falaban agora de que estaban de acordo coa denominación de orixe Arzúa-Ulloa. ¿Saben vostedes que é a segunda denominación de queixo do estado español?

A señora presidenta (Candia López): Rematou o seu tempo.

O señor Fernández Fernández (BNG): Unha denominación que comercializa 4 millóns de quilos de queixo resultante de 32,5 millóns de litros de leite. Unha denominación que xera un volume anual de 32 millóns de euros. E o que xeran estas miles de persoas durante 8 anos de esforzo e traballo —de traballo e de moito esforzo— queren vostedes darllo...

A señora presidenta (Candia López): Señor Fernández.

O señor Fernández Fernández (BNG):..nunha votación a unha empresa, 250 millóns de euros. Queren conseguilo para os seus amigotes.

Señores do Partido Popular, deixen vivir as xentes da Ulloa.

A señora presidenta (Candia López): ¡Señor Fernández!

O señor Fernández Fernández (BNG): Grazas.

A señora presidenta (Candia López): Pensei que era que non me escoitaba porque... (Murmurios.)

Ao remate da anterior intervención, a señora presidenta sinálalle ao señor Fernández Fernández (BNG) *"... permítame esta licenza porque llo digo ademais con toda a sensatez e tamén co corazón —porque xa llo dixen na miña intervención na pasada sesión—, esta é unha gran institución onde nos estatutos e na normativa que os regula sempre intentan que o que preside as comisións apele ao decoro e á boa imaxe dos debates. Xa na pasada sesión vostede empregou certamente palabras que rozaban a raia. E nesta tamén llo digo, o debate pode discreparse, pode ser intenso; pero a verdade é que chega a rozar o límite dunha auténtica provocación. É como un consello e como unha reflexión —que estamos aínda empezando e queda moita lexislatura e tempo haberá de subir o ton e a intensidade— si me gustaría que determinados conceptos —atraco, esquilmador e pelotazo para vostedes—, independentemente quen llo diga —neste caso dicíallo ao grupo que tamén eu represento— pero fago unha reflexión en xeral porque se a vostede llo dixeran asegúrolle que iso tampouco lle ía a gustar. E permítanme esta licenza con total serenidade dentro do absoluto respecto. Á marxe de que efectivamente ían 40 segundos fóra do tempo."*

Inmediatamente despois, o deputado señor Bará Torres (BNG) pediu a palabra. A transcrición das intervencións da presidenta e do señor Bará que tiveron lugar a continuación, figuran no documento anexo a esta acta.

A seguir, pásase ao debate da terceira iniciativa:

2.3 3058 (12/PNC-000389)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 2 máis
Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación co problema que afecta o gando pola extensión da enfermidade da lingua azul
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Fernández González (BNG), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre determinadas medidas que debe adoptar co problema que afecta o gando pola extensión da enfermidade da lingua azul.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento intervén en primeiro lugar a señora Méndez López (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto co

pronunciamento favorable do seu grupo á proposta formulada, anuncia unha emenda *in voce* , que consiste na ampliación da vacinación ata o día 01.07.2024.

En segundo lugar, intervén o señor Barreiro Sánchez (P) quen expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e explica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a precitada proposta.

Na rolda de puntualizacións a señora Fernández Ariadna (BNG) non concorda coas argumentacións expostas polo voceiro do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta, á vez que acepta a emenda *in voce* da voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Ao esgotarse o debate das iniciativas, ábrese o trámite de votacións.

A señora presidenta, toma a palabra e apelando ao artigo 106 do Regulamento da Cámara, lémbralle ao señor Bará Torres (BNG), que está informado e que espera que recoñeza que pediu a palabra, que non se lle outorgou, que aínda así non escoitou, que se lle chamou á orde unha vez, que se chamou á orde a segunda, coa advertencia e as consecuencias que iso tiña da posible expulsión. Requírelle que recoñeza a súa actitude e que rectifique a súa actuación, dado que se non o fai, non poderá exercer o seu voto nas iniciativas debatidas.

O señor Bará Torres (BNG) contesta o seguinte: *"Non, quero pedir que a letrada se pronuncie sobre se se cumpriu o previsto no artigo 106 porque eu entendo que vostede non seguiu o profesado e dito neste artigo que fala de facer as advertencias. E sobre todo na segunda advertencia era onde se me pedía unha terceira chamada á orde"* Reitera que se ratifica no anteriormente sinalado.

A señora presidenta sinala que "*Bueno, como todo está gravado e como eu lle dixen que polo menos rectificou e calou, que é moi importante, e creo que ademais debería ser unha boa maneira de que se desculpara porque sabe que non foi o correcto. Con toda honestidade, como llo dixen. De todas as maneiras, non é obxecto máis que dunha chamada de atención. Está arrancando a lexislatura e non quero que isto acabe conlevando nin ningunha sanción, que defendo que podería poñerlla. Pero ao igual que llo estou dicindo eu, tamén lle agradecería que dunha maneira sincera recoñecese que a súa actitude non foi a correcta. E arrancariamos antes da votación, senón teremos que seguir aplicando o 106. Eu prégolle que rectifique e continuemos co entendemento que creo que nos debería honrar a este Parlamento..."*

O señor Bará Torrres (BNG), insiste en que pediu que se aclarase e se cumprira o artigo 106.1., ao que a señora presidenta lle sinala o seguinte:*" Si, entendo que se cumpriu o 106, e por iso así o expuxen. Aínda así, non teño ningún interese en aplicar o 106 máis alá que o lle estaba dicindo ao seu compañeiro, que me respondeu con total educación e entendemento, que esta advertencia sexa unha reflexión compartida a todos os grupos, que de feito na miña intervención así o expuxen. Se vostede está de acordo e rectifica continuamos coa votación, senón eu vou aplicar o 106"* O señor Bará Torrres

PARLAMENTO DE GALICIA

(BNG) ratifícase no exposto con anterioridade e a señora presidenta sinálalle *"...entón, entendo que vostede non pode votar"*.

A continuación, procédese a realizar a votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa **doc. 1079 (12/PNC-000105), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; Sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 7 (GG.PP. M+S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 0

2) Iniciativa **doc. 2967 (12/PNC-000376), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; Sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 5 (GG.PP. M+ BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 2(G.P. S)

3) Iniciativa, **doc. 3058 (12/PNC-000389), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; Primeiramente, sométese a votación a emenda *in voce* anunciada pola voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia, que resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 7 (GG.PP. M+S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 0

Deseguido, sométese a votación o texto resolutivo da proposta formulada, tal e como se presentou, que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor..... 6 (GG.PP. S+ BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 1(G.P. M)

Sen máis asuntos que tratar, a señora presidenta levanta a sesión.

Remata a sesión ás 19:45 horas.

PARLAMENTO DE GALICIA

(Achégaselle a esta acta como anexo I a transcrición literal do debate das proposicións non de lei do punto segundo da orde do día desta sesión, correspondentes aos apartados: 2.2 e 2.3; e as votacións)

V. e pr.

María Elena Candia López
Presidenta da Comisión

María Elena Candia López

Firmado digitalmente por María Elena Candia López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia López, email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.13 11:18:47 +02'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2024.06.13 10:47:42 +02'00'

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO I.- TRANSCRICIÓN LITERAL DO DEBATE DAS PROPOSICIÓNS NON DE LEI DO PUNTO SEGUNDO, CORRESPONDENTES AOS APARTADOS 2.2, 2.3 E DAS VOTACIÓNS, DA SESIÓN DA COMISIÓN 7ª. AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDERÍA E MONTES, DO DÍA 23 DE MAIO DE 2024

...

2.2.-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández e 6 deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que manteña unha postura contraria ao proxecto de Altri, en Palas de Rei

A **señora presidenta (Candia López):** A esta proposición non de lei si que se rexistrou unha emenda e iso vai a supoñer unha alteración na orde de intervencións.

Para expoñer a proposición non de lei e polo tempo de 8 minutos ten a palabra o señor Secundino.

Moitas grazas.

O **señor Fernández Fernández (BNG)**: Boa tarde, señora presidenta.

Señores deputados e señoras deputadas.

A proposta que traemos dende o Bloque Nacionalista Galego é textualmente a seguinte: «O Parlamento Galego insta o Goberno galego para que se posicione en contra do proxecto de Altri, en Palas de Rei». ¿Por que dende o Bloque Nacionalista Galego facemos esta proposta a esta Comisión? Pois moi sinxelo, pola grande afección que este proxecto traerá ás terras agrarias, aos montes e a gandería. Tamén traémola pola fonda preocupación coa posibilidade de instalación desta macro celulosa xere nas mulleres e homes que traballan no sector agrario, unha preocupación que nos transmiten a diario aos representantes do BNG. ¿A que nos estamos a referir con estre macro proxecto? Comezamos cunha breve cronoloxía para entender ben a que nos referimos:

Ano 2020, a Xunta de Galiza anuncia un proxecto tractor consistente na produción de fibras de celulosa para uso na industria téxtil.

Ano 2021, dá a coñecer unha alianza con Altri para desenvolver a factoría cunha produción de 200.000 toneladas de fibras téxtiles que xeraría miles de postos de traballo.

Abril de 2022, anuncia a escolla da situación do proxecto industrial en Palas de Rei, supostamente despois de estudar 40 posibles desprazamentos e descartar, entre outros, A Mariña e As Pontes.

Decembro de 2022, a Xunta aproba a declaración de proxecto industrial estratéxico, e de novo oculta a información sobre as dimensións e as características do proxecto.

Finais de 2023, solicítase a captación de auga no Ulla.

Primeiro trimestre de 2024, tramítase a solicitude de autorización ambiental integrada, declaración de impacto ambiental e a declaración de interese público. O período de alegacións Rematou o 16 de abril.

É neste punto cando se coñece a fraude: o que se vendeu como un proxecto circular de produción de 200.000 toneladas de fibras téxtiles —o famoso o lyocell— é realmente unha mega planta de produción de celulosa. A Xunta de Galicia coñecía desde o primeiro momento o proxecto e estivo ocultándoo adrede. En resumo, Altri pretende producir nesta mega factoría de Palas 400.000 toneladas de pasta de celulosa.

Estamos, polo tanto, ante un exemplo de libro de industria de enclave, de espolio colonial dos recursos naturais do noso país. Un modelo baseado en catro premisas: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación un escaso valor engadido, e destino principal para la exportación sen peche de ciclos. Agora vén o negativo, veñen os impactos. Entre os impactos directos podemos sinalar a contaminación das augas e da EDAR; o impacto no ámbito paisaxístico, patrimonio natural e biodiversidade e recursos hídricos; no sector agroforestal; impacto territorial e socioeconómico.

Se o desglosamos un pouco e empezando polo impacto territorial, vemos que a superficie ocupada por este macrocomplexo é enorme, do entorno a unhas 360 hectáreas. A zona na que se pretende instalar é de uso agrario con actividades do sector servizos, terreos que non teñen características nin cualificación como solo industrial. O complexo industrial está formado por grandes unidades, ao que se lle unen unhas zonas de almacenamento e xestión de madeira, unidades de produción enerxética, unha cheminea de 75 metros de altura, balsa de recollidas de augas pluviais, instalacións de abastecemento e depuración de auga. A todo o anterior engadímoslle o impacto dos accesos, das instalacións de abastecemento de auga e vertido de augas residuais e as liñas de abastecemento de enerxía eléctrica.

Seguindo cos impactos, temos os dos recursos hídricos. A empresa solicitou a captación de 46 millóns de litros de auga/día do río Ulla, no encoro de Portodemouros; e o vertido de 30 millóns de litros/día de auga contaminante resultante do proceso industrial. Esta xigantesca necesidade de consumo de auga pon en risco a dispoñibilidade de auga do río Ulla para abastecemento humano pero tamén para outras necesidades económicas, aínda tendo en conta que hai un escenario de cambio climático e de secas cíclicas.

E xa despois deste preámbulo, xa se falamos do que serían os aspectos relacionados co tema agrogandeiro, tamén a fábrica de Altri xeraría unha demanda de 1,2 millóns de toneladas de eucalipto por ano na primeira fase, e de 2 millóns cando estea a pleno rendemento. E isto implica ou implicará un incremento da eucaliptización do país e fundamentalmente desa comarca, da comarca da Ulloa.

Se atendemos ao sector agrogandeiro, temos que indicar que o sector primario é fundamental para o mantemento económico e social das parroquias deste territorio situado no corazón de Galicia, e un dos principais motores económicos da zona.

Nas comarcas directamente afectadas temos unhas 3.000 explotacións con máis de 70.000 vacas, e para elas dispoñemos de 61.000 hectáreas de leiras e prados. Isto implica xa a día de hoxe que temos un déficit de superficie agraria. Imaxinemos que se segue eucaliptizando, imaxinemos ese proceso eucaliptizador. Cando se fala de emprego a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, nunca di nada dos empregos directos do sector agrogandeiro. Este sector ocupa nesta zona 4.000 persoas, mulleres e homes que queren seguir vivindo no rural e do rural, familias que queren vivir neste contorna natural. Tampouco fala dos miles e miles de postos indirectos xerados ao carón do gando: empresas de servizos, comercio, industrialización dos produtos, agroturismo, industria vinculada ao sector, construción é un longo etcétera. Esta comarca é onde está situada a denominación de orixe de Queixo Arzúa Ulloa, unha denominación da que estamos e debemos estar orgullosos e a que temos que apoiar e coidar. Unha denominación que permite valorizar unha parte importante do leite, esa parte importante que producen as centos de explotacións lácteas que hai nesa comarca. A Ulloa é, polo tanto, unha comarca eminentemente gandeira, é un verdadeiro exemplo da economía circular. O risco ou que trae, polo tanto, a instalación desta macro planta de produción celulosa é moi grande e moi grave para esta comarca. Polo tanto, primeiramente ese risco virá dado por ese incremento da demanda de eucalipto que traerá consigo a demanda de terras para a plantación desta especie invasora. Esta demanda por suposto implicará una menor dispoñibilidade de terras para uso agrario. Tamén isto traerá consigo unha perda de prestixio da denominación de orixe, unha desvalorización das granxas e unha contaminación atmosférica das augas. E ¿resultado? O seu conxunto vai favorecer a emigración e empobrecemento da poboación.

Xa conclúo.

O Goberno galego do Partido Popular ten que pensar nos miles de familias que traballan e viven...

A **señora presidenta (Candia López):** Ten que ir rematando.

O **señor Fernández Fernández (BNG)**: ...do sector agrogandeiro, ten que pensar nas miles e miles de mulleres e homes que viven nas parroquias destas comarcas e que loitan para manter un medio rural vivo.

En resumo, señoras deputadas señores deputados, se pensamos no noso rural, se pensamos na Ulloa, se pensamos en Galiza temos que dicir...

A **señora presidenta (Candia López):** Rematou o seu tempo.

O **señor Fernández Fernández (BNG)**:..alto e claro: ¡Altri, non!

Moitas grazas.

A **señora presidenta (Candia López):** Quenda do Partido Socialista.

A **señora Méndez López (S):** Moitas grazas, presidenta.

Pois estamos aquí na Comisión 7ª nun déjà vu. Tivemos este debate no pleno pasado, debatemos esta mañá na Comisión 6ª outra proposta sobre Altri, estamos novamente nesta Comisión 7ª e estaremos no vindeiro Pleno tamén falando desta cuestión. E, como diciamos, hoxe pola mañá na Comisión de Industria, o Partido Popular e o BNG buscan posturas de polarización. Entre o si a calquera prezo e o non por riba de todo creo que deberíamos de aplicar o sentidiño, iso que tanto predica o Partido Popular e que tan pouco practica en moitas ocasións. Trátase de mesura, de equilibrio, de coherencia e de sensatez. Porque, lonxe de buscar acordos nun proxecto que podemos compartir e entender, que hai que estudar moi polo miúdo, porque hai que valorar moitísimo o seu impacto medioambiental, e para iso a rigorosidade tamén de todo o marco normativo, que ten que saír favorable, para que poida implantarse ou non esta empresa. Pero que o tema é de calado e de suficiente importancia como para poder chegar, sentarse, dialogar, falar, consensuar e buscar acordos de futuro ante este proxecto.

É certo que a falta de transparencia do Partido Popular con este tema, os cambios do proxecto da industria Altri, convertendo isto nun proxecto político, porque non é unha empresa que solicita un permiso para poder implantarse, senón que busca tamén apoio e financiamento de administracións, resulta tamén chocante. E falo de falta de transparencia do Partido Popular en distintos ámbitos. Podemos falar da propia ubicación, da que tamén se falou esta mañá. Incluso o Partido Popular dicía que os alcaldes e alcaldesas da Mariña de Lugo estaban moi interesados en levar alí o proxecto. Foi o primeiro lugar que se deu, non é que o pediran nin os alcaldes nin as alcaldesas, pero cando tiveron a nova, evidentemente, acollérona con ledicia. Alcaldes e alcaldesas de todos os partidos políticos —do Partido Popular, do BNG e do Partido Socialista— porque entendían que ademais así suplía unha carencia da Xunta de Galicia en materia de política industrial que afectou e afecta a toda unha comarca. Esa falla de política industrial que, por certo, recordar que, segundo o artigo 30 do Estatuto de Autonomía, a competencia en industria recae na comunidade autónoma. Pero ante esa ausencia, esa falta de planificación, esa visión de futuro de buscar un proxecto de reindustrializar unha comarca que depende moito dunha soa fábrica... Vemos como está a sufrir a

situación de Alcoa, pero como sufriu a situación de Vestas, en Viveiro, de Industrias Pardiñas, en Fazouro; de Luimar, en Ribadeo; de Aglomerados Ecar, en Mondoñedo; de Muebles Hermida, en Lourenzá; de construcións Moon, en Burela; de Gres Burela; de Conservas Alonso; de Maderas Costiña... E poderiamos seguir cun longo etcétera de empresas que nos últimos 15 anos foron pechando unha tras outra sen que a Xunta fixera nada para combater esta situación.

E, como diciamos, primeiro a ubicación, que ía ser na Mariña; e agora estase estudando a posibilidade da súa implantación en Palas. Pero tamén a falta de concreción e os cambios de criterio, os cambios en canto á actividade, onde ou se ocultou ou se descoñecía esa carga tan importante de celulosa; e, polo tanto, calquera das dúas posicións por parte do Partido Popular son malas, tanto o descoñecemento como a ocultación, a cada cal peor. Pero a realidade é que primeiro ía ser unha actividade exclusiva de fibra téxtil e agora ten moita máis carga desa parte celulosa, que, ademais, non pecha nin o ciclo da economía circular, da economía verde que tamén se persegue neste tipo de proxectos.

Tamén, baile de cifras en canto á empregabilidade. Chegouse a falar de 4.000 postos de traballo, inclusive na propia proposta que se defendía esta mañá na exposición de motivos que utilizaba o Partido Popular nesta iniciativa. Falaba de que «se estima que teña capacidade para xerar 4.000 empregos durante a súa construción, ata 2.500 directos e ata 2.000 despois empregos indirectos», cando a realidade —a que estamos a ver ou que traslada a propia empresa— é dunha cifra bastante menor, que non chegaría nin aos 500 postos de traballo.

Ou o baile de cifras tamén en canto aos fondos que ía ter, pois falouse de 800, 700, 600; e, evidentemente, a dúbida que suscita dado que o señor Rueda dixo que a empresa xa tiña coñecemento desde hai un ano do que a Xunta ía investir. Lamentamos que a empresa xa teña coñecemento do que vai investir a Xunta pero que nós descoñezamos ese dato, a pesar de que llelo estamos perdendo por activa e por pasiva, o compromiso da Xunta de Galicia en canto aos fondos que ten pensado e ten previsto dedicarlle se chega a termo a implantación desta empresa no concello de Palas.

E os socialistas e as socialistas estamos moi preocupados polo medio ambiente e ademais así o temos demostrado nos lugares onde gobernamos porque non só o predicamos senón que tamén o practicamos. E póñolle un exemplo: no Concello de Lugo apostamos claramente polo uso da madeira como elemento estrutural na construción vertical, onde temos un edificio de impulso verde que é un referente a nivel galego, a nivel nacional, a nivel europeo e a nivel internacional. E que os populares lucenses cualificaban como «a casiña da alcaldesa» cando eu exercía ese cargo, pois referíanse así a este edificio: «a casiña da alcaldesa». Cando viu que tiña unha contestación social brutal, importante para o desenvolvemento deste sector e que ademais ese edificio que tamén conta cun distintivo de acreditación ds FSC —o que permite que a trazabilidade sexa sostible desde a súa plantación ata a súa execución

final— pois empezan xa a ser máis condescendentes con este tipo de informacións, aínda que seguen rexeitando este prototipo do edificio, que é un exemplo, que ademais é como prototipo pero que non é o único ou xa que temos na cidade. Polo tanto, quero dicir con isto que os socialistas non só predicamos senón que practicamos co exemplo, sendo ás veces políticas arriscadas, políticas de futuro e políticas transformadoras dende a preocupación medioambiental que temos, pero tamén ante as miras altas de combater con isto o cambio climático, que, entre outras cousas —enlazando con outro tema do que se falaba hoxe—, pois afecta incluso á praga da velutina ou outras cuestións como [...]

A **señora presidenta (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Méndez.

A **señora Méndez López (S)**: ...para o seu futuro.

Estamos —e finalizo—, estamos moi preocupados tamén polo efecto rechazo que poida xerar polo, polo ruído, pola paralización da industria eólica que estamos vendo e ante iso somos propositivos tamén os socialistas e as socialistas, propoñendo ese pacto pola enerxía eólica. E querendo ser sempre propositivos e buscar solucións é polo que presentamos a emenda que, como xa está rexistrada e estou sen tempo tampouco a vou reiterar, pedindo eses 3 puntos para aplicar ese sentidiño, mirar se cumpre...

A **señora presidenta (Candia López):** Rematou o seu tempo, señora Méndez.

A **señora Méndez López (S)**: ...estritamente co medio ambiente e, se é así, poder sen ter o futuro da empresa.

Moitas grazas.

A **señora presidenta (Candia López):** Quenda do grupo Mixto, oito minutos.

O **señor Ojea Bouzo (M):** Gracias presidenta.

Efectivamente, é un tema xa que se leva falado. O BNG pide que a Xunta se posicione explicitamente en contra deste proxecto. Eu penso que nos poderiamos dar cun canto nos dentes con que non se posicionase explicitamente a favor, como parece estar facendo. Quero dicir que, en realidade, dá a impresión de que se posiciona politicamente a favor. O que é unha postura política tamén digna de avaliar.

A cuestión é se ese posicionamento político pode ou non mediatizar os informes técnicos. Loxicamente, se eu... a min dáme a impresión, dados os meus escasos coñecementos nesta clase de temas, pero coa información que aportan tanto o BNG como outros colectivos que estes días están saíndo nos medios de comunicación, a impresión, a intuición que teño é que os informes medioambientais van ser ou deberían ser negativos. Non sei, ou moi equivocado estou.

O temor é que e o forte posicionamento a favor por parte do Executivo galego mediatice ou sesgue dalgún xeito os informes técnicos, que deberían ser asépticos e puramente técnicos. E, loxicamente, se os informes medioambientais e os informes sectoriais fosen favorables, loxicamente non quedaría máis remedio que dar licenza como pasa habitualmente nas administracións; o contrario sería prevaricar. Nós no Concello de Ourense tivemos non hai demasiado tempo que dar unha licenza a un tanatorio nunha zona do perímetro urbano, pese á contestación social forte que houbo contra a instalación desa empresa. Politicamente o Goberno municipal posicionouse en contra, chegou a facer incluso unha oferta económica para comprar a parcela á empresa para que se fora para outro sitio, pero a empresa quería unha cantidade de diñeiro por encima do prezo de mercado, e como vostedes saben a Administración pública non pode comprar por encima do prezo de mercado, entón a empresa non aceptou e houbo que aceptar que se instalase alí e houbo que lle dar licenza porque o contrario sería prevaricar. Iso non impide que o Goberno tivera unha posición política en contra, pero que non valeu de nada porque as leis son as leis.

E neste caso pasa algo parecido, aínda que é unha cousa que non afecta á provincia de Ourense, por iso ata agora non me manifestei, si nas votacións, pero non nas intervencións. O que sería interesante sería que os informes técnicos fosen realmente independentes, fosen totalmente técnicos. O posicionamento político intuitivo pola miña parte sería negativo, se dependese da miña decisión persoal pois esa empresa non se instalaría aí, pero, como dicía antes no caso do tanatorio, que nos incumbiu na cidade, pois as leis son as leis e se ao final hai que lle acabar dando licenza porque cumpre todos os requisitos, pois haberá que darllo. Pero outra cousa é posicionarse digamos a favor, tirar do carro ao mellor retorcendo a normativa ou bordeando determinadas cuestións xurídicas.

E, loxicamente, o medio ambiente ten que ser unha prioridade no prazo curto, medio e longo, porque por motivos que todos sabemos esa debe ser unha cuestión que debe ter un peso específico.

¿O problema dos postos de traballo? Home, si, teñen importancia, pero vou dicir agora unha cousa un pouco bárbara porque... é unha metáfora que dicía un escritor hai uns cuantos anos; dicía: «se se restablece a pena de morte crearíanse postos de traballo de verdugos». É unha cousa bestia, pero quero dicir que é didáctica tamén. Quero dicir que a importancia dos postos de traballo ten a importancia que ten, desde logo se se crean 2.500 non é o mesmo que se se crean 500 tamén claro, non é o mesmo.

Pero ben, quero dicir que eu confío en que os técnicos, informes medioambientais, informes sectoriais, etcétera, fagan o seu traballo e pase como pasou cerca de Vilar de Barrio onde xa se dixo antes que son eu, que non se autorizou un parque eólico na Serra de San Mamede recentemente e, afortunadamente, os informes foron como tiñan que ser na miña opinión porque esa serra concretamente veríase... o impacto paisaxístico,

ambiental, etcétera, sería enorme se se houbese autorizado aí un parque eólico. Afortunadamente, non foi así porque os informes técnicos ambientais foron moi correctos e esperemos que neste caso tamén sexa así. É a esperanza que podemos ter os que, dalgún xeito, pois a min particularmente —xa digo— non me gustaría nada que se instalase aí unha celulosa.

No caso concreto de Ourense temos un antecedente histórico importante. A primeira manifestación que houbo na transición, ou creo que aínda no franquismo, foi precisamente relacionada cunha cuestión destas na cidade de Ourense.

Nada máis. Grazas.

A **señora presidenta (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda agora do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Lorenzo.

O **señor Lorenzo Gómez (P)**: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

O BNG preséntamos unha iniciativa a esta Comisión 7ª que trata do medio rural coa que podemos estar de acordo na única parte na que di que é a Ulloa unha comarca eminentemente gandeira, que desenvolve unha importante valorización do sector primario cun importante complexo de transformación e que é un verdadeiro exemplo de economía circular. E tamén onde pon en valor a denominación de orixe do queixo Arzúa Ulloa.

Todo o demais lamentablemente na súa liña. Pero centrándonos na parte propositiva —e vouna ler para que conste en acta—, o que di é que insta ao o Parlamento galego, insta ao Goberno galego a que se posicione en contra do proxecto de Altri en Palas de Rei.

Señores do BNG, o Grupo Parlamentario Popular non vai instar ao Goberno galego a prevaricar, que é o que están a pedir literalmente, é o que están a pedir na súa iniciativa.

E aquí podería dicir: o voto do Grupo Parlamentario Popular é en contra e rematar a miña intervención. Pero aínda me queda un tempo moi valioso para desmontar moitos e non todos, porque non me daría tempo, dos bulos vertidos polo BNG nas redes, nos medios afíns, nas xuntanzas veciñais, nos debates parlamentarios e en moitos debates en plenos municipais. E todo sen poñerse nin un pouquiño colorados nin un pouquiño ¡eh! Nótase que no campo da demagoxia teñen moitas táboas vostedes, moitas.

Estamos ante unha estratexia clara. Rematado o mandato da súa presidenta nos carteis, eses 15 días de campaña, unha vez que os galegos os colocaron unha vez máis na oposición, tocaba elixir o hit da lexislatura. Máis alá dos clásicos de enlamar coa sanidade, coa educación, co abandono no rural, co negacionismo ante o cambio climático, co non á eólica, agora tocaba elixir o hit da lexislatura. Aínda é pronto para saber cal será a canción do verán deste 2024, pero xa temos claro que Altri vai ser o temazo que vaia soar durante catro anos na emisora do BNG.

Só pretendo dar un punto de humor a esta comisión de tarde tan longa e podería soar algo divertido que acabo de dicir, pero nada máis lonxe da realidade, señorías. Porque o que non podemos aceptar é que se lle falte ao respecto aos galegos e ás galegas deste xeito. E cun único obxectivo: o seu obxectivo é de sacar rédito político ante esta situación para desgastar ao Goberno galego.

E ante esta estratexia de manipulación que estamos vivindo nos últimos meses respecto ao proxecto de Altri, non podemos facer outra cousa que desmentir con datos e con información toda esa batería de desinformación, de medias verdades, de mentiras, de fake news, de fotos falsas unha vez máis. E como lles digo vouno intentar, porque son moitos os bulos e pouco o tempo que teño ¿non? E sobre este proxecto, o proxecto de Altri, teñen vertido moitas mentiras, ben directamente ou ben mediante as súas plataformas afíns, que o único que perseguen é confundir aos cidadáns e intentar que Galicia non sexa un lugar atractivo para investir nel. Porque vostedes seguen na súa máxima de canto peor lle vaia a Galicia mellor para vostedes, ¿non si?

Xa non quero falar do medio de comunicación, do que moitos de vostedes son propietarios, que xa traspasa toda liña ética e que podemos ler hoxe no seu diario de cabeceira.

Pero tampouco me quero esquecer do PSdeG. Esta mañá nunha iniciativa sobre o proxecto de Altri do noso grupo, unha vez máis o PSdeG ponse de perfil. Eu dígolles, señores do PSdeG, posiciónense dunha vez. Posiciónense porque corren o risco de quedar en terra de ninguén e iso vistos os resultados acadados en febreiro leva mal camiño. ¿Están co presidente Sánchez que respaldou ante o presidente Rueda o proxecto ou están cos seus socios do BNG en deputacións e concellos co seu posicionamento do non? Alomenos eles din claramente non. Iso si, tratan de enganar á cidadanía.

¿Canto tempo de reflexión precisan vostedes? Porque no mes de febreiro apoiouse unanimemente nesta Cámara esta iniciativa empresarial e agora se opoñen a ela. E voulles dicir máis: O PSdeG o 24 de marzo do ano 2023 presentou unha iniciativa solicitando o apoio do Goberno galego a esta iniciativa. E agora din que non sabían nada de que se produciría celulosa. Xa me dirán vostedes como se produce lyocell, que era para o que vostedes pedían o apoio, sen a celulosa.

Era un apoio unánime de todos os grupos da Cámara representados. E vostedes, señorías do BNG, tamén apoiaron este proxecto. Pero, de repente, cambian radicalmente de posicionamento. ¿Que foi o que pasou? Dígollo eu. Houbo unhas eleccións nas que vostedes pensaban que lle darían as contas, xa non falo de gañalas, falo de que lle darían as contas. É lícito, pero as contas non deron e tocaba volver ser o partido do non. O partido que vai en contra de calquera iniciativa que poida xerar oportunidades e benestar aos galegos. E eu dígolles: Sigan así, sigan así.

Vou intentar desmontar algúns bulos. Un dos máis abanderados por vostedes din que cando apoiaron ese proxecto nesa iniciativa, á que acabo de facer alusión, descoñecían que se produciría tamén celulosa. E iso é falso, un bulo máis do BNG. E

Economía dixital, 18 de outubro de 2021. «Altri, la pastera que si le gusta al BNG». Recollía declaracións do que era o seu alcalde nacionalista en Ribadeo, que cualificaba o proxecto como unha iniciativa intelixente cuxo fío condutor é facer o circuíto completo e dar valor á gran masa forestal que teñen naquel caso referíase á Mariña.

Economía dixital, 16 de febreiro do 2022. «Altri planea construir dos fábricas en Galicia, una de pasta y otra de fibra textil». E detallaba o número de toneladas de cada unha das liñas. Vostedes non sabía nada.

Ou un último exemplo, Diario de Pontevedra. O señor Bará seguramente o lee. 22 de febreiro do ano 2022. Doble apuesta de Altri. Aí recollíase expresamente que a intención do grupo era dobre: Producir pasta de madeira soluble que é a materia prima para diversas fibras téxtiles entre outras lyocell, que é a que se vai producir en Altri, pero vostedes non sabían nada.

Máis de dous anos, leva máis de dous anos nos medios de comunicación este tema e vostedes teñen a desfachatez de xustificar o seu actual cambio de criterio ao proxecto porque din que o descoñecían. ¿É que vostedes non len a prensa? ¿Ou so len a que lle interesa a vostedes?

Podemos falar das respostas escritas por parte do Goberno galego o 28 de agosto do ano do 2023 ou a resposta oral que o Goberno galego lle dou nesta mesma comisión...

A **señora presidenta (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

O **señor Lorenzo Gómez (P)**: ...o 16 de novembro do ano 2023.

Como dicía non me dá tempo a desmontar todos os bulos sobre o impacto dos recursos hidráulicos de Galicia, sobre a suposta eucaliptización de Galicia. Só lle quero apuntar unha cousa: De todas as cortas 10 millóns de metros cúbicos que se fan en Galicia, 6 millóns corresponden a eucaliptos.

A **señora presidenta (Candia López):** Moitas grazas.

O **señor Lorenzo Gómez (P):** —Xa remato, presidenta—.

Destas cortas 2 millóns e transforman en Galicia, un total de 4 saen fóra sen transformar.

A **señora presidenta (Candia López):** É que rematou o seu tempo, señor Lorenzo. É moi importante adaptarnos aos tempos, case todos se pasaron e temos que ir facendo un esforzo en adaptarnos á nova realidade.

O **señor Lorenzo Gómez (P):** Ben, só quero rematar dicindo...

A **señora presidenta (Candia López):** Moitas grazas.

O **señor Lorenzo Gómez (P):**...que nós non imos votar a favor de que o Goberno galego prevarique.

A **señora presidenta (Candia López):** Moitas grazas.

Ten o seu turno de peche por 3 minutos.

O **señor Fernández Fernández (BNG)**: Presidenta, señorías, o que dixen na miña primeira intervención non o digo só eu, (Murmurios.) tamén se manifestaron en contra de Altri por diferentes medios e en diferentes ocasións numerosas organizacións. Se falamos de colectivos que teñan que ver co sector agrogandeiro —que é do que estamos falando— dixeron claramente «non a Altri» a Federación Rural Galega, o Sindicato Labrego Galego, Unións Agrarias, a Federación de Mulleres Rurais Fademur, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Queixo Arzúa-Ulloa, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Queixo Tetilla, Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, a Asociación de Produtores e Produtoras Ecolóxicos de Galiza, a maioría dos socios da Asociación Forestal de Galicia na enquisa que fixo a dita asociación. E tamén miles e miles de persoas que se manifestarán publicamente o próximo domingo ás 12 en Palas de Rei.

Señores e señoras do Partido Popular, ¿oen clamor social en contra de Altri? ¿Entenden aos milleiros de persoas que din non a Altri? Non entenden ou non queren entender o que significaría celulosa Altri. Mellor dito, si que o entenden, entenden o que lles interesa, entenden os grandes pelotazos para vostedes e os seus amigos.

¿Cantos empregos creará Altri? Vóullelo dicir, segundo a documentación da que tanto se fala e que ocultaron moito tempo, serían 500 empregos cando estea a pleno rendemento. Vostedes antonte pediron no Congreso dos Deputados 250 millóns de euros para esta industria. Se botamos as contas sae cada posto de traballo a 500.000

euros, por se non o entenden, dígoo doutra forma: medio millón de euros cada posto de traballo. Isto si que lle chamo eu atraco aos cartos públicos, isto si que é un verdadeiro atraco ás contas públicas. Chámolle aproveitarse do diñeiro de todos os contribuíntes para darllos aos seus amigos. ¡Que triste que o diñeiro para desenvolver unha zona, para crear riqueza, que acaben nas mans dos que queren destruíla!

Señores do Partido Popular, ¿saben canto recibe de axuda unha persoa que se quere incorporar ou crear unha explotación agraria? ¿Sábeno? 30.000 euros. E vostedes pretenden entregarlle a Altri 500.000, 16 veces máis por cada emprego. A vostedes estas persoas que están no medio rural estórballes para as súas cuestións. Vostedes son esquilmadores dos recursos públicos e do noso territorio.

Falaban agora de que estaban de acordo coa denominación de orixe Arzúa-Ulloa. ¿Saben vostedes que é a segunda denominación de queixo do estado español?

A **señora presidenta (Candia López):** Rematou o seu tempo.

O **señor Fernández Fernández (BNG)**: Unha denominación que comercializa 4 millóns de quilos de queixo resultante de 32,5 millóns de litros de leite. Unha denominación que xera un volume anual de 32 millóns de euros. E o que xeran estas miles de persoas durante 8 anos de esforzo e traballo —de traballo e de moito esforzo— queren vostedes darllo...

A **señora presidenta (Candia López):** Señor Fernández.

O **señor Fernández Fernández (BNG)**:..nunha votación a unha empresa, 250 millóns de euros. Queren conseguilo para os seus amigotes.

Señores do Partido Popular, deixen vivir as xentes da Ulloa.

A **señora presidenta (Candia López):** ¡Señor Fernández!

O **señor Fernández Fernández (BNG)**: Grazas.

A **señora presidenta (Candia López):** Pensei que era que non me escoitaba porque... (Murmurios.)

Ben, mire, voulle... probablemente non continúe moito presidindo esta Comisión, pero —como ben sabe vostede— estiven na a lexislatura pasada. E permítame esta licenza porque llo digo ademais con toda a sensatez e tamén co corazón —porque xa llo dixen na miña intervención na pasada sesión—, esta é unha gran institución onde nos estatutos e na normativa que os regula sempre intentan que o que preside as comisións apele ao decoro e á boa imaxe dos debates.

Xa na pasada sesión vostede empregou certamente palabras que rozaban a raia. E nesta tamén llo digo, o debate pode discreparse, pode ser intenso; pero a verdade é que chega a rozar o límite dunha auténtica provocación. E como un consello e como unha reflexión —que estamos aínda empezando e queda moita lexislatura e tempo haberá de subir o ton e a intensidade— si me gustaría que determinados conceptos —atraco, esquilmador e pelotazo para vostedes—, independentemente quen llo diga —neste caso dicíallo ao grupo que tamén eu represento— pero fago unha reflexión en xeral porque se a vostede llo dixeran asegúrolle que iso tampouco lle ía a gustar.

E permítanme esta licenza con total serenidade dentro do absoluto respecto. Á marxe de que efectivamente ían 40 segundos fóra do tempo.

(O señor Bará Torres pide o uso da palabra.)

Dígame, señor Bará. (Pausa.) ¿Para que pide a palabra?

O **señor Bará Torres (BNG)**: Pido a palabra por alusións da...

A **señora presidenta (Candia López):** Ninguén o aludiu neste debate, señor Bará.

O **señor Bará Torres (BNG)**: Non, a min non, a este grupo.

A **señora presidenta (Candia López):** Non ten a palabra. Non creo que faltara en absoluto ao respecto...

O **señor Bará Torres (BNG)**: Si, si. Vostede fíxoo.

A **señora presidenta (Candia López):** E mentres que eu estou presidindo son a que dou o turno desa palabra.

O **señor Bará Torres (BNG)**: Vostede ten a obriga de ser neutral nos debates.

A **señora presidenta (Candia López):** E vostede ten a obriga de respectar a presidencia da Cámara.

O **señor Bará Torres (BNG)**: E vostede non foi neutral porque ten que facer o mesmo co Grupo Popular...

A **señora presidenta (Candia López):** Señor Bará, chámoo á orde.

O **señor Bará Torres (BNG)**:...cando agrede e insulta a este grupo. E vostede ten a obriga de ser neutral.

A **señora presidenta (Candia López):** ¡Señor Bará! Fágolle unha segunda chamada á orde.

O **señor Bará Torres (BNG)**: É a presidenta da Comisión.

É a presidenta da Comisión...

A **señora presidenta (Candia López):** ¡Señor Bará! ¡Terceira chamada á orde!

Non ten vostede a palabra.

O **señor Bará Torres (BNG)**:... e ten que chamar á orde ao seu grupo tamén.

A **señora presidenta (Candia López):** E invítoo a que abandone a Comisión.

O **señor Bará Torres (BNG)**: Non abandono a Comisión.

A **señora presidenta (Candia López):** Bueno, pois quero que conste en acta. Porque vostede si que ten experiencia xa no debate. Vostede si que sabe as normas. (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) E vostede ten que respectar a Presidencia polo menos. Debería de respectar a todo o mundo, como os respecto eu cando vostedes falan. Que non interrompín a ningún e asegúrolle que nesta sesión algún se pasou 1 minuto, pero creo que temos que ir empezando con serenidade, con educación e con respecto.

E cando o aludido non se ofendeu, comprenderá vostede —que me escoitaba con atención e con educación— que nin era aludido vostede nin o citei para nada. Entón, vostede á presidencia —sexa eu sexa quen sexa— debe respectala.

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

E aquí non se dialoga, escóitase cando un intervén. (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

E a neutralidade, indubidablemente, nesta intervención é clarísima. Que non lle guste o que lle diga, iso é outra cousa, pero iso non é ser neutral. (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

Continuamos coa seguinte sesión.

E está advertido o señor Bará da situación que se acaba de dar. Despois que vote ou que faga o que considere, que normalmente soe facelo.

Ten a seguinte intervención por parte do Bloque Nacionalista Galego a referida na orde do día 2.3.

2.3.- Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ariadna Fernández González e 2 deputados/as máis, sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación co problema que afecta o gando pola extensión da enfermidade da lingua azul

A **señora Fernández González (BNG)**: Boas tardes, señorías.

Presidenta.

Dende o BNG traemos á Comisión un asunto que preocupou moito aos gandeiros no ano 2023 e que continúa a facelo no 2024, que é a enfermidade da lingua azul que afecta ao gando ovino, caprino e bovino. É que se trata dunha enfermidade de declaración obrigatoria; non é unha zoonose e, polo tanto, as persoas non están en perigo nin consumindo os produtos derivados de animais enfermos nin tampouco no seu contacto con ditos animais. E para combatela, ademais dos tratamentos de desparasitación e desinsectación que os gandeiros usan habitualmente nas explotacións para minguar a cantidade de vector presente no ambiente —que como ela se transmite, a través dun vector que é o mosquito—, temos a vacina da lingua azul que comezou a aplicarse no mes de marzo de 2023. Ben, ata aí todo ben, a vacina trataba de previr a enfermidade, de interromper o ciclo do virus no ambiente, de minimizar os casos e evitar perdas e tamén de que a comercialización e o transporte dos animais das zonas restrinxidas se dese con normalidade.

O problema foi na campaña de vacinación, que primeiro comezou a desenvolverse por persoal propio da Consellería de Medio Rural e por veterinarios de Tragsa, por persoal de Tragsa. Pero logo engadíronse veterinarios de ADESS e veterinarios clínicos autorizados para tal fin. Isto foi porque a campaña se desenvolveu de maneira pouco planificada, desordenada e cunha total falla de información, á parte da descoordinación que sufriron todos os implicados nela, todos, os que a administraron e os que tiñan explotacións onde administrala.

E cóntolles —para que saiban o que pasa para destas catro paredes, a quen lles afectan as medidas que aquí tomamos e que aquí votamos— que as medidas a aplicar nesta campaña de vacinación cambiaban cada 10 días como moito. Chegou un momento en que ninguén sabía nin os prazos de vacinación, nin que animais se vacinaban, nin cales podían ir matadoiro, nin cales se podía mover; ninguén, repito. E a información que se daba era contraditoria en moitos casos. No caso dos gandeiros e das gandeiras a desinformación aumentou exponencialmente; coma sempre, son os primeiros afectados e os últimos enterados. E houbo casos de animais que foron levados ao matadoiro por gandeiros e por transportistas, que chegaron ás portas do matadoiro sen a guía que precisaban para ser transportados —que non sabían que a precisaban— e que volveron

con eles para a casa. Houbo casos de animais que entraron no matadoiro e que se decomisou a súa canal —canais de 250 e 300 quilos de carne— porque cando un animal entra en matadoiro non pode saír, a menos que sexa comercializado ou por decomiso, é dicir, queimando á súa carne.

Ben, outro motivo para o descontento: o saneamento de Tragsa —que antes o señor Balseiro dicía que era moi importante e efectivamente o é— foi detido nas zonas restrinxidas porque era imposible que o persoal de Tragsa e da Consellería levara a cabo a campaña de vacinación co persoal co que contaba. E outro motivo do descontento foi que non foi —aínda que nolo queiran facer ver así— unha campaña de vacinación gratuíta, si foi unha campaña oficial é obrigatoria pero non gratuíta. Os gandeiros —que non sabían nin cando se lles ía ir vacinar nin cando pasaría Tragsa, evidentemente, nin a consellería a vacinar— ao ter animais parados que tiñan que saír a matadoiro —becerros carniceiros, vacas, o que fose— chamaban a veterinarios clínicos autorizados, que, evidentemente, non facían 50 quilómetros de percorrido gratis, aínda que a dose da vacina fose gratis; esa vacinación non foi gratuíta, aínda que insista.

E outro dos grandes afectados foi a industria cárnica de pequeno tamaño, que é a que máis temos espallada no noso territorio. Esta industria cárnica, cando xa levabamos varios meses de vacinación, houbo un momento no que non tiña produto para vender, non había becerros carniceiros vacinados para ser sacrificados. E xusto coincidiu co momento onde máis demanda de carne hai, que é ao principio da época estival. Daquela, as perdas foron por dúas vías: pola industria cárnica e polos gandeiros que tiñan becerros de 7 ou 8 meses parados na casa comendo, consumindo insumos, que non son poucos a esas idades. E sen contar, evidentemente, con outro detalle, que foi que todas as persoas e todos os veterinarios clínicos que traballaban en vacún foron conscientes perfectamente dos efectos adversos que tiña esta vacina en combinación con medicamentos que na súa composición levaban o excipiente povidona iodada. É evidente que esas reaccións anafilácticas non estaban dentro do normal, foron un número esaxerado delas e non se contou con ese detalle cando se planificou esta campaña vacinal.

E para darlles un detalle direilles que eu vacinei becerros carniceiros que en 12 horas foron sacrificados. Imaxínense vostedes a cantidade de doses gratuítas que se perderon nesta campaña vacinal pola falla de previsión. Están a diario —incluso hoxe— repetindo que foron elixidos para gobernar. Ben, apliquen o conto, tómolles a palabra. Consensúen co Goberno do Estado medidas para que eses becerros carniceiros non sexan vacinados se se van levar a sacrificio nun tempo, nunha época determinada e cunha idade determinada, e se non é así poñan persoal á disposición para que as campañas vacinais teñan voltas, é dicir, para que ese traballo se faga máis frecuentemente e os becerros non sexan vacinados unha semana antes de ir a matadoiro ou o día antes, porque falabamos de que o estrés era moi malo, e é malo para todos.

A **señora presidenta (Candia López):**Ten que ir rematando.

A **señora Fernández González (BNG)**: Déame un segundo, por favor.

Indemnicen de xeito xusto con prezos axustados ao mercado e actualizados, aqueles animais con decomisos nas canais afectadas nos puntos de inoculación, e indemnicen os animais afectados por reaccións anafilácticas, e, por favor, para que no 2024 non volva pasar o mesmo, elaboren un plan de información sobre o programa vacinal, para que todos e todas, gandeiros e veterinarios, esteamos enterados do proceso.

Grazas.

A **señora presidenta (Candia López):** Moitas grazas.

Como aquí non houbo emenda, recuperamos a orde e ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, que renuncia á súa intervención e intervén entón o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A **señora Lara Méndez (S)**: Moitas grazas, presidenta.

Pois lendo a instrución que se fai desde o Servizo de Sanidade Animal, desde a Consellería de Medio Rural, esa instrución sobre excepcionalidades nos movementos animais, hai algunha cousa que si nos gustaría comentar e trasladar. Porque fala de que, a pesar dos esforzos realizados, é certo que levaban anos sen esta situación, onde non se daba a problemática da lingua azul, pero que volveu novamente e onde houbo que actuar de maneira inmediata. Pero é certo que xe leva xa, iniciouse o ano pasado, e comparto os esforzos realizados polos axentes implicados, por uns máis que por outros, tamén é certo.

Pero falaba de que por diversos motivos moitos aínda non estaban vacinados. Eu creo que os motivos redúcense a dous: a falta de recursos, e a falta de planificación. E, polo tanto, é o que pedimos á Xunta de Galicia. E facíase a excepcionalidade ata o 1 de xuño, de estas explotacións da zona das respectivas para que tivesen que ir ao matadoiro os becerros por un lado, e o tema da mobilidade por outra.

Continúa esa mesma instrución, dicindo que se precisan animais para que sexa con destino ao matadoiro ou vida, e o sistema público da Consellería de Medio Rural non chegara aínda á súa explotación, debe realizar a vacinación por medios propios a través do persoal veterinario, do [] , ou do clínico-privado, que ten que asumir o propio gandeiro. Co cal, facendo tamén diferenciacións entre gandeiros, cun agravio neste eido, porque algúns si os custea a Xunta de Galicia, e outros non o fan porque os veterinarios tamén das [] tamén lle repercuten este custo ao gandeiro ou á gandeira. E polo tanto estamos vendo como hai desequilibrio nese eido.

Programas na propia orde do 12 de decembro de 2023, e fai referencia a que no programa de planificación zoo sanitaria, están dirixidas directamente a mellorar o estado sanitario das explotacións, e que permitan incrementar paulatinamente a rendibilidade das mesmas.

E lonxe disto vemos todo o contrario, por motivos que se expoñen tamén na proposta na exposición de motivos, como acaba de dicir a portavoz do BNG, pero a realidade —eu aportaría algún máis— é que isto produce un sobrecusto para as explotacións e para os gandeiros e gandeiras. Porque teñen que asumir a asunción do gasto da vacinación, como dicía ben sexa un veterinario veterinaria dunha [..], ou ben por medios propios, que efectivamente aí xa se dá por descontado, pero o persoal das [..] tamén lle repercuten como dicía no gandeiro, e cando tiña que ser asumido por persoal da Xunta, ou persoal de Tragsa.

Que iso daría para outro capítulo a parte, pola rotación que hai continua dentro dese persoal de Tragsa, que ao final cando despois de meses de aprendizaxe, cando xa controlan, cando xa teñen esa experiencia, pois teñen que volver a iniciar co que isto tamén implica retrasos, e que isto tamén afecta directamente ao benestar animal, e polo tanto como digo daría para outro capítulo á parte.

Despois respecto da venda, porque en moitos casos teñen que vender sen o cebo, polo tanto a un prezo inferior. Incluso nalgún caso ata beneficiando aos propios intermediarios, porque aproveitan ese menor prezo na súa compra, compartindo tamén que é certo que despois deixa de estar no mercado unha temporada eses produtos, pero por outro lado compran tamén a un prezo menor, méteno nas cámaras e venden cando teña ese mellor beneficio, alterando así tamén a cadea alimentaria, e polo tanto prexudicando tamén aos gandeiros e gandeiras e ás explotacións. En todo caso, aumentando os desequilibrios, e indo en contra da propia filosofía da orde, e da propia Lei de cadea alimentaria.

Pero no caso de non vender, porque nalgún caso non está en idade ou non está vacinado e non poden vender, o que fai é que teñan que estar máis tempo nas explotacións, implicando isto novamente un sobrecusto tamén para as explotacións gandeiras. E cando venden, volven a vender porque está sobrepasado, e volven a vender por debaixo dos custes, co cal novamente o gandeiro se ve prexudicado, o gandeiro, a gandeira e as distintas explotacións.

Falando co sector, desde o ámbito de asociacións agrarias, ou de veterinarios e veterinarias que traballan en [ ], ou os que o fan por conta propia, trasládanos, e a parte isto é unánime, que solicitan dúas cuestións: que os becerros que vaian ao matadoiro non teñan que ser vacinados, porque xa se comentou tamén nesta sala que non afecta, nin se contaxia, nin afecta á saúde humana, e polo tanto hai unha unanimidade nesta reivindicación; e por outro lado pois que se incremente o persoal cualificado, que se faga tamén un esforzo en cualificar e formar para que despois poidan realizar ben o seu

traballo. E parécenos adecuado tamén e compartimos esas propostas que fai o que se fan dende o BNG, da indemnización aos gandeiros pola racionalización das vacinas, ou que se fagan campañas informativas que tamén sempre son boas e nunca están de máis.

Polo que nós neste momento, e tamén escoitando a demanda que nos trasladan do sector, fariamos unha emenda in voche, solicitariamos que a maiores deses puntos se faga a ampliación da excepción da vacinación ata o 1 de xuño do 2024, que isto axudaría a paliar e minimizar os sobrecustos que están tendo estas explotacións.

Evidentemente con aras de que no futuro a Xunta de Galicia faga unha mellor planificación, faga unha mellor planificación dentro dos recursos económicos, e dentro dos recursos humanos para non vernos en futuros e nas vindeiras ocasións nesta mesma situación.

Nada máis e moitas grazas.

A **señora presidenta (Candia López):**Moitas grazas, señora Méndez.

Turno do Grupo Parlamentario do Partido Popular, señor Barreiro 8 minuto.

O **señor Barreiro Sánchez (P):** Grazas, señora presidenta.

Boas tardes.

Tanto o Grupo Parlamentario Popular, como estou seguro tamén dende a Consellería do Medio Rural, somos conscientes de que as campañas anuais de vacinación fronte á lingua azul deben manterse no tempo, por responsabilidade e seguridade como mínimo, ata que se demostre a ausencia de circulación viral no territorio, momento no que Galicia podería estar de novo, ou ter de novo o estatuto de zona libre do virus, e por tanto deixar de vacinar. De feito, a normativa en vigor, baseada en datos científicos, estipula que a vacinación é obrigatoria en bovinos e ovinos maiores de 3 meses, idade na que o seu sistema inmunolóxico é capaz de xerar unha resposta de protección fronte a esta enfermidade.

Por iso, a Consellería de Medio Rural tomou a iniciativa e a decisión de iniciar a vacinación o pasado 7 de marzo de 2023, investindo 2,4 millóns de euros, algo que, como vostedes saben, non aconteceu en ningunha outra comunidade. Somos pioneiros unha vez máis.

Esta iniciativa vertebra o afán da Xunta de Galicia por estar sempre ao carón dos nosos gandeiros e gandeiras, para apoialos e facilitar a aplicación da devandita lei, e procurar que isto supoña reducir ao mínimo os custos de vacinación. Mostra do cal é que poden ser recollidas de forma gratuíta as doses de vacina necesarias tanto para a primeira como

para a segunda, como para a dose de reforzo que se aplica ao cabo de 1 ano, para así lograr a inmunidade óptima.

E neste punto quixera resaltar o gran traballo que fixo todo o persoal de vacinación, xa que resolveu a situación de forma áxil, logrando así que todos os animais estiveran vacinados no prazo máis curto de tempo. Cousa que vexo que vostedes nos recoñecen.

A Xunta de Galicia comunicou ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a exixencia de focos de lingua azul en explotacións galegas a mediados do mes de febreiro de 2023, e tan só 20 días despois a Consellería de Medio Rural iniciou un programa de vacinación.

Tendo en conta os trámites que isto require, foi necesario contactar cos laboratorios fabricantes da vacina, avaliar o produto a mercar, subscribir un contrato de compra, e organizar a loxística de traballo en campo e distribución das doses.

Queda totalmente claro que o proceso se levou de forma áxil, e este é un dato moi importante, que como vexo vostedes pasaron por alto, xa que non lles interesa recoñecer que a empresa pública Tragsatec, na campaña 2023 vacinou o 85 % dos animais bovinos, e o 95,85 % dos ovinos. Datos que dan boa conta do compromiso da Xunta de Galicia coa vacinación e inmunización do rabaño ovino e bovino de Galicia.

E ademais foi un proceso transparente e participativo. Dende o primeiro momento da Consellería do Medio Rural informou a múltiples colectivos: servizos veterinarios oficiais das oficinas rurais, colexios veterinarios, asociacións de operadores comerciais de gando, xerencias das principais mercados de gando, a agrupacións de defensa sanitaria gandeiras. E tamén por medios complementarios e públicos a través de: notas de prensa, información na páxina web da Consellería de Medio Rural, e información permanente na oficina virtual Gandeira.

Polo tanto, non sei onde aprecian vostedes cambios de criterio na información subministrada aos colectivos, e en todo caso agardo que non confundan un cambio de criterio, con que a información varía pola situación cambiante propia da evolución desta enfermidade que varía en función, do período cronolóxico de ausencia ou presenza do mosquito transmisor, da existencia no 2023 de territorios restrinxidos e territorios libres, do período de gracia outorgado polo ministerio no que se flexibilizan os requisitos de movemento dos animais, consciente da imposibilidade de acometer unha vacinación masiva nun tempo récord, entre o inicio da vacinación o 7 de marzo e o inicio do período de circulación do vector a mediados de abril. Ou que varía en función dos períodos de flexibilización autorizados pola Consellería de Medio Rural en determinados supostos, e co fin de facilitar o máis posible o movemento dos animais.

Polo tanto, e tamén para facilitar a propia actividade dos nosos gandeiros, foi necesario axustar os requisitos de movemento á situación en cada momento e o territorio. Pero

isto non é un criterio cambiante, senón unha actitude responsable adaptada a cada momento.

Por outra banda vostedes piden —usando a demagoxia de modo partidista— a modificación da medida necesaria para que os becerros carniceiros destinados ao sacrificio nunha idade temperá, non sexan vacinados para lingua azul. E o que nos están pedindo é incumprir a norma que os seus socios do PSOE desde o Ministerio nos están dando. Chegan ao absurdo de pedir que non apliquemos o que vostedes impoñen nas normas que aproban na Moncloa, e que leo textualmente. Artigo 6: «Vacinación das especies sensibles da Orde [..] 12/51, 2020 do 21 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. Establece no seu apartado 2, que a vacinación fronte serotipo 4 do virus da lingua azul, é obrigatoria nos animais de especie ouvina e bovina maiores de 3 meses, no caso de que os ditos animais se ubica una zona restrinxida fronte ao serotipo 4, como é o caso de Galicia.»

Polo tanto, é imposible a exención da dita vacinación, xa que o obxectivo da vacinación da lingua azul non é só protexer da enfermidade a cada individuo vacinado, senón que é principalmente frear a circulación do virus causante, para o que é fundamental que a taxa de vacinación entre os animais de especies sensibles á infección nun territorio, sexa a maior posible.

Así mesmo, o apartado 4 do dito artigo, indica expresamente que será responsabilidade da persoa titular da explotación, a través do persoal veterinario autorizado correspondente, realizar a vacinación prevista neste artigo.

Polo tanto, todas as explotacións gandeiras teñen acceso gratuíto ás doses de vacina de lingua azul, e poden administrala a partir dos 3 meses, tanto que os veteranos de explotación como cos servizos dispostos pola consellería, e así axilízase a inoculación da vacina, e polo tanto minimízanse os riscos de reaccións inflamatorias, non causando prexuízos aos animais, e facilitando de igual modo o manexo dos mesmos.

Resulta moi chamativo que se reclame unha indemnización por parte da administración para o casos de morte dos animais como consecuencia da aplicación dos tratamentos preventivos ou con fins de diagnóstico, cando por unha banda a obriga de vacinación é da persoa gandeira co seu veterinario autorizado, e por outro a reacción adversa non se produce coa vacina, prodúcese por mesturala con outros produtos aplicados posteriormente ao animal. Reacción adversa da que todos os gandeiros e gandeiras son advertidos polo profesional veterinario, polo que son responsables últimos do que se lle administre ao animal.

Por sorte, cos datos dispoñibles de execución da campaña de vacinación de lingua azul no 2023-2024, amosan un moi reducido número de reaccións adversas.

Conclúo, en opinión deste grupo parlamentario, a actuación da Xunta de Galicia neste proceso de inmunización fronte á enfermidade grave como é a lingua azul, foi e é exemplar, sempre unha axuda dos nosos gandeiros e gandeiras, e polo non podemos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada. Moitas grazas

A **señora presidenta (Candia López):**Moitas grazas.

Advirto que ao facer unha emenda in voce, ten que ser aceptada por todos os grupos para que puidera prosperar.

Pecha vostede por tres minutos.

A **señora Fernández González (BNG)**: Ben, primeiro, para me falar de demagoxia neste tema, debería saber que son veterinaria e gandeira, vacineime e fun vacinada. Xenial, pois entón saberá que o que está dicindo non é certo.

Mire, a campaña vacinal é oficial e obrigatoria, non teñen que pagala os gandeiros. Que as doses repartiranse de xeito gratuíto non quere dicir que a vacinación fose gratuíta, porque evidentemente o persoal autorizado non foi percorrer 50 quilómetros ou máis a vacinar becerros, gratuitamente. Iso para empezar.

Segundo, a información variou constantemente, porque é que variou incluso este ano, nin sequera aprenderon a lección do ano pasado para este. Este ano ata o 1 de maio podíanse mandar os becerros carniceiros a matadoiro, pero como non daba tempo de vacinalos porque o persoal non era suficiente, porque en Galicia temos as sete pragas bíblicas: temos a praga dos pediatras, a praga dos veterinarios... ¡Témolas todas! Como persoal non era suficiente, non se deu vacinado e cambiaron a data para o 1 de xuño. Vale, iso para empezar.

E despois investir máis de 2 millóns de euros nunha campaña de vacinación da lingua azul, para levala a cabo de maneira desordenada, descoordinada, sen planificación, sen persoal dispoñible suficiente, sen saber as necesidades dese persoal, e querernos colar que foi unha campaña de vacinación gratuíta, non é máis que outro agravio ao sector gandeiro, que lle dá a sensación de que lles parece que todo o que lles boten llo van aguantar. E non é así.

As perdas derivadas da súa mala xestión, da súa irresponsabilidade fronte desta campaña, que non se realizou nin en tempo nin en forma e non foi culpa dos facultativos —quero resaltar— pagáronas os mesmos de sempre, que son os gandeiros e as gandeiras. Daquela trátennos —trátennos— con respecto, porque élle o mínimo que merecemos, porque somos unha parte moi importante da economía deste país, ¿vale? E

polo menos intenten non cometer os mesmos erros no ano 2024, que cometeron no ano 2023, porque ir aprendendo conforme vai indo é de xente que quere aprender.

Nada máis.

A **señora presidenta (Candia López):** Non comentou nada da emenda. Tampouco quedou claro se aceptaba a anterior e como vamos proceder á votación, pois ¿acepta a emenda ou non? Bueno, como expliquei...

A **señora Fernández González (BNG)**: Aceptamos a emenda do PSOE, que pide que ata o día 1 de xullo se deixen ir os becerros carniceiros a matadoiros sen vacinar.

A **señora presidenta (Candia López):**Tería que ser aceptada polo resto dos grupos. Entón, imos a proceder entón á votación.

Antes de continuar, apelando o artigo 106, indubidablemente, teño que recordarlle ao señor Bará que está informado e que espero que recoñeza que pediu a palabra, que non se lle outorgou, que aínda así non escoitou, que se lle chamou á orde unha vez. Que se chamou á orde a segunda, recordándolle advertencia e as consecuencias que iso tiña da posible expulsión, como experiencia que ten vostede. E que seguiu e que foi chamado á orde por terceira vez. Non sei se quere rectificar... (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

A **señora presidenta (Candia López):** Antes de continuar, apelando ao artigo 106, indubidablemente teño que recordarlle ao señor Bará que está informado e que espero que recoñeza que pediu a palabra, que non se lle outorgou, que aínda así non escoitou.

Que se lle chamou á orde unha vez. Que se chamou á orde a segunda, recordándolle advertencia e as consecuencias que iso tiña da posible expulsión como experiencia que ten vostede. E que seguiu e que foi chamado á orde por terceira vez. Non sei se quere rectificar... (O señor Bará Torres (BNG) pronuncia palabras que non se perciben.)

O **señor Bará Torres (BNG)**: Non, quero pedir que a letrada se pronuncie sobre se se cumpriu o previsto no artigo 106 porque eu entendo que vostede non seguiu o profesado e dito neste artigo que fala de facer as advertencias. E sobre todo na segunda advertencia era onde se me pedía unha terceira chamada á orde. Non non, ... (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

A **señora presidenta (Candia López):** Bueno, como todo está gravado e como eu lle dixen que polo menos rectificou e calou, que é moi importante, e creo que ademais debería ser unha boa maneira de que se desculpara porque sabe que non foi o correcto. Con toda honestidade, como llo dixen.

De todas as maneiras, non é obxecto máis que dunha chamada de atención. Está arrancando a lexislatura e non quero que isto acabe conlevando nin ningunha sanción, que defendo que podería poñerlla. Pero ao igual que llo estou dicindo eu, tamén lle agradecería que dunha maneira sincera recoñecese que a súa actitude non foi a correcta. E arrancariamos antes da votación, senón teremos que seguir aplicando o 106. Eu prégolle que rectifique e continuemos co entendemento que creo que nos debería honrar a este Parlamento. Pero vostede neste caso ten a palabra. (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

Bueno, pois vostede...

O **señor Fernández Fernández (BNG):** Se me permite...

A **señora presidenta (Candia López):** Si. ¿Acepta a emenda do PSOE? Que non me contestou.

O **señor Fernández Fernández (BNG):** Con respecto á emenda, non aceptamos a emenda.

A **señora presidenta (Candia López):** Grazas.

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

Eu xa lle expliquei o que lle dixen e vostede non rectificou. ¿Non? Non ratificou. Vostedes ratificouse porque está orgulloso da actitude.

O **señor Bará Torres (BNG):** [...] na petición de neutralidade por parte da presidenta.

A **señora presidenta (Candia López):** Bueno, agora tampouco dixo iso. Agora estaba dicindo que pedía un informe dos servizos... (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) Non, pero, ¡home!, o que acaba de dicir agora recordámolo todos.

O **señor Bará Torres (BNG):** Antes pedín que se aclarase e se cumprira o artigo 106.1. (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

A **señora presidenta (Candia López):** Ben, eu entendo que se cumpriu. (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) Si, entendo que se cumpriu o 106, e por iso así o expuxen.

Aínda así, non teño ningún interese en aplicar o 106 máis alá que o lle estaba dicindo ao seu compañeiro, que me respondeu con total educación e entendemento, que esta advertencia sexa unha reflexión compartida a todos os grupos, que de feito na miña intervención así o expuxen. Se vostede está de acordo e rectifica continuamos coa votación, senón eu vou aplicar o 106. Eu teño que defender a acción que fixen como

presidenta, comprenderao. Vostede... (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

Bueno, pois continuamos entón. Entón, entendo que vostede non pode votar. (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

Procedemos entón á votación.

Empezamos coa proposición de lei 2.1, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego ante os prexuízos económicos dos sectores agrarios da Limia orixinados polo exceso de chuvias nas últimas semanas.

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, (7); votos en contra, (9); abstencións, 0

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta proposición de lei.

A **señora presidenta (Candia López):**Pasamos á proposición segunda, onde non foi aceptada a emenda, co cal votamos o texto orixinal.

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, (5); votos en contra, (9); abstencións, 2.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta proposición de lei.

A **señora presidenta (Candia López):** Procedemos a votar a última proposición non de lei, que neste caso si que fago unha consulta porque acepta o grupo propoñente a emenda in voce. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Da emenda primeiro? Vale.

Votamos entón sobre a aceptación ou non da emenda.

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, (7); votos en contra, (9).

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta proposición de lei.

A **señora presidenta (Candia López):**Votamos agora entón o texto inicial da iniciativa.

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, (6); votos en contra, (9); abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta proposición de lei.

A **señora presidenta (Candia López):** E unha abstención —perdón—, si, unha abstención. Bueno, non altera o sentido da votación pero estaba sen votar.

Rematada a sesión.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás sete e trinta e seis minutos do serán.